

# Os exilios de María Victoria Villaverde

Miguel LOUZA OUTEIRO  
Carmen MEJÍA RUIZ



Mariví Villaverde na súa casa.

Foi polo día 22 de xaneiro cando xa deixara de caer unha chuva estraña, sen ritmo, sobre Madrid e parecía que o sol ía volver. Aquel día era o acordado para o encontro con Mariví Villaverde. Despois dun paseo ata unha céntrica praza da cidade chegamos á súa casa. Despois todo se converteu en conversa suave e firmes, en rápidos e sentidos xestos, e, ao fin, todo foron palabras:

A miña infancia foi moi feliz. Vivía en Vilagarcía, alá na Arousa. Era un lugar excepcional, coa súa praia... A vida das rapazas da miña idade era moi grata: íamos á escola, de excursións,

saíamos a diferentes horas, íamos ao cinema, en fin, ese tipo de cousas así. Eu sempre me sentín moi a gusto alí. Son dunha familia máis ben burguesa, digamos que acomodada. En realidade eu nunca estiven á marxe do que evolucionaba aquela época. Desde nena sempre tiveron interese por ver que era o que acontecía ao meu redor. Lembro cando tiña oito anos, por exemplo, como se fose hoxe, o día que se proclamou a República. Meu pai foi un home que actuou en política, primeiro foi alcalde de Vilagarcía e, despois, foi Deputado a Cortes nas últimas Cortes Republicanas, desde o 14 de febreiro ata que desapareceu todo. Na nosa casa vivíanse moi atentamente todos os acontecementos: primeiro a proclamación da república, as mudanzas do pobo (o grupo escolar que nós non tiñamos), etc. A República tratou de que o ensino fose fundamental desde o ensino primario. Queríase que fose de calidade, con profesores competentes, ambiente grato, con grandes adiantos pedagóxicos, mesmo o edificio en boas condicións, bo material escolar. Mais eu non tiveron a sorte de ir a esa escola porque se consideraba que a xente que podía economicamente non debía ocupar prazas que debían ser para xente humilde... e eu lamentábo profundamente, porque me parecía que o colexio onde eu ía carecía de moitas cousas que eu vía na escola pública.

Despois veu a época do estatuto, os mitíns, a publicidade... para min era moi atraente. Neses anos da República houbo dúas etapas: a da República, con toda a ilusión de facer cousas e despois cando gobernou a dereita que a cousa volveu cara a atrás e mudou dun xeito radical. En febreiro do trinta e seis, volveu a

nova esperanza das esquerdas, mais xa non durou máis que ata xullo, aquel mes de xullo crucial, tan espantoso e tan tráxico! que nós vimos desde Vilagarcía, onde todo se percibía con moita claridade. Por sorte meu pai tivo a intuición, non así outras persoas, de que as cousas íanse pór moi mal, e, daquela, foise nun barco cara á Portugal. Alí foron detidos, e grazas a Don Claudio Sánchez Albonoz que era embaixador de España en Portugal, conseguiron saír cara a Francia. A partir deste momento tive mos unha vida de grande angustia ao vermos as graves noticias que estaban a acontecer. Realmente Galicia sufriu moitísimo, mais non transcendeu porque non houbo alí accións de guerra. Sen embargo houbo unha traxedia total: asasinatos, torturas, destrución de todo. Nós, desde o primeiro momento, vivimos ocultos dunha casa a outra, porque as vinganzas eran moi frecuentes. Ás noites viñan unhas «Bandas da Morte» que ían sacando a xente das casas para matalas, aparecía xente na gábias...

Daquela tiña eu trece anos. Detiveron a un irmán de meu pai, que era Concelleiro, e a unha irmá, que era, simplemente, mestra. A detención da miña tía foi danha ridiculez increíble: era mestra dunha aldea e como os rapaces non levaban roupas moi axeitadas acordou facerlles uns delantais; pensou que o azul era escuro e o branco non chegaría ao final da semana limpo, polo que decidiu que fose dunha cor morango, non un vermello intenso. ¡Entón prendérona por vestir as nenas de vermello! Nós estábamos xuntos, meus irmáns e miña nai; e eu, como era a que menos me semellaba ao resto da familia, podíame mover con máis liberdade, ¡non moita claro!, e eu íalle levar a comida aos meus tíos á cadea. Despois ao meu tío levárono á illa de San Simón, e a min deixábanme ficar con miña tía e líalle obras de teatro dunha colección moi económica, mais que tiña cantidade de obras importantes da literatura universal. Chegou un momento onde todo se puxo imposible, xa que estaba presa no edificio da Guardia Civil que era propiedade da miña avoa, é dicir, da nai dos meus tíos presos. Alén disto, acusábase a meu tío querer incendiar aquel cuartel, que era propiedade da súa nai! O caso foi que aumentaron as malleiras e a cousa púxose moi fea e pensaron que era mellor que non volvera.

Despois cambiamos de casa, fomos para a casa duns irmáns da miña nai. Un día estaba o comandante da Guardia Civil a falar coa miña avoa para dicirlle que oíra cousas sobre nós, e non quería ter sobre a súa conciencia o que puidese acontecer e que o mellor era que marchásemos. Mais, a onde? Non tiñamos uns documentos que eran imprescindíbeis para saír do país, e non os podíamos solicitar porque non chos ían dar. Non podías acudir aos amigos porque estaban igual ca nós, ou presos, ou xa os mataran. Entón, a miña nai, desesperada porque non sabía que había facer, un día atopou unha carta dunha persoa á que meu pai lle fixera un grande favor. Dicialle que nunca lle podería pagar ese favor. E resulta que esa persoa estaba moi relacionada cunha axencia de barcos. Daquela miña nai mandou unha persoa falar con este home que, tendo en conta o favor de meu pai, dixo que ía facer algo. O caso era que conseguira que a súa familia nos sacase de alí. E así foi. Con documentación falsa: meus irmáns ían como ingleses, miña nai coma emigrante a América e eu como filla súa. Así foi como embarcamos nun barco inglés e demos a volta á Península ata chegar a Marsella.

Alá comezou o meu primeiro exilio. Vivimos tres anos en Francia. Primeiro en París, e despois meus pais foron a Valencia que era onde se celebraban as sesións das Cortes, xa que meu pai continuaba a ser deputado. Nós, mentres, ficamos internadas nun colexio en Orleáns. Así estivemos tres anos. Despois vivimos en Burdeos, onde coñecín ao que despois foi o meu marido, que tamén foi exilado. Alí estivemos ata outubro do 39 cando, xa declarada a Guerra Mundial, meu pai pensou en irse á Arxentina. Non foi fácil ter o visado, á excepción dos vascos, porque o daquela presidente Ortiz, era de orixe vasca e facilitáballes a documentación. Mais para o resto era moi difícil conseguilo. Como meu pai fora antigo residente, de novo estivera un tempo alí e miña nai nacera na Arxentina, foínos máis fácil. Marchamos no primeiro barco que saíu, chamado «Marsilia», no que íamos refuxiados españois e xudeos que lle escapabamos á guerra. Alí cadramos con moita xente que estaba coma nós, e que non tiñan visado para a Arxentina mais si para Chile, país que, a través do grande poeta, fora moito máis xeneroso. De cami-

ño, esperounos o dono do xornal *Critica* de Bos Aires en Montevideo que gañara moitos cartos nunha carreira de cabalos. E eses cartos dedicounos aos refuxiados. Nós non precisamos da súa axuda, mais a moita xente facilitoulles estadia e todo canto lle fixo falta.

Aquela viaxe fixemola con moitos temores porque había submarinos alemáns, de feito un estivo na entrada do peirao de Montevideo.

Entón eu xa comezara co meu futuro marido. Ramón de Valenzuela, e como a ocupación francesa foi inmediata, detivérono. Primeiro estivo en campos de concentración e despois entregárono á policía española e prendérono. Estivo primeiro en San Sebastián e mais tarde levárono a Ávila porque o reclamaban de alí, xa que el pasara pola Fronte á parte republicana. Entón, condenárono. Tivo redencións de penas polo traballo e ao cabo de cinco anos, xa en liberdade provisional ou como se chamaba daquela «prisión atenuada» tiña que ter unha residencia fixa, non se podía mover sen permisos da Junta de Libertad Vigilada. Eu botei cinco anos na Arxentina enferma, cunha grave tuberculose pulmonar, ata que me deron de alta. Entón volvíu eu para casarmos e vivimos cinco anos en Galicia. Foron cinco anos nos que vivimos moi isolados, as circunstancias eran moi difíciles, a xente tiña medo en relacionarse porque estábamos moi marcados, mais tiñamos esperanzas de que cando acabase a Guerra Mundial as circunstancias mudasen. Pensabamos que non se podía deixar que Franco continuase. Faciamos unha vida recluída, nada máis en función dos nosos dous fillos unicamente; sen mais contacto dadas as circunstancias complicadas para nós e para os outros.

Ramón acabou a carreira de Filosofía e Letras en Santiago e traballaba na extracción de arxila nun negocio que tiña meu pai e que quedara abandonado. Ao acabar a guerra a desesperanza foi inmensa. Vimos que non había nada que facer. Que as potencias occidentais ían ao seu e comezou a Guerra Fría, polo que deixaron estar a Dictadura de Franco. Esa foi unha decisión terribel para todos os que estaban no exilio.

Daquela pensamos que a única solución era marchar. Eu volver, e Ramón comezar o exilio. Entón solicitou o indulto e despois dun ano de trámites (no cárceres, nas Juntas de Liber-

tad vigilada, etc.) concedéronllo. Máis tarde solicitamos o pase de fronteiras, e como isto se publicaba no xornal, ao cabo dun tempo saíu o noso e fómonos de inmediato. Con toda a dor da separación da terra, co que iso supón, ademais, para os galegos, ¡ese sentimento trágico! Así comezamos a vivir no exilio, en Bos Aires, onde estivemos dezasete anos, e alí tanto Ramón coma min integrámonos na vida cultural galega. Alá atopamos unha grande cantidade de amigos, desde pintores como Seoane, como Colmeiro, e máis tarde Laxeiro; escritores como Seoane, Cuadrado, etc. Xente moi querida e que fixo un labor cultural moi importante.

Ao chegarmos alá Ramón dedicouse a un traballo comercial para subsistir. As actividades culturais eran moi pracentiras, mais non eran para gañar a vida. Ramón formou parte dunha entidade moi importante que se fundou alí, composta por escritores, artistas, universitarios, etc. Onde se daba clase de xeografía de Galicia que impartía Ramón, de literatura galega que daba Eduardo Blanco Amor, de historia de Galicia, etc. Foi a chamada Agrupación Galega de Escritores, Universitarios e Artistas (GEA). Todo orientado cara aos galegos, dado que alí había unha comunidade galega inxente. De feito houbo neses anos o desexo de facer agrupacións de unión e de promoción dos galegos, como foi o Centro Galego co seu magnífico hospital. Outros de tipo cultural. E aparte diso había a Federación de Sociedades Galegas que coordinaba as organizacións de galegos máis pequenas, polo que un dos seus fins era axudar en todas as súas necesidades pero, sobre todo, no sentido cultural. Así un dos seus principais obxectivos era formar escolas láicas nas aldeas e nas vilas. Hai que ter en conta que neses anos a escola limitábase á relixión e pouco máis. Pensábase que se había que emigrar a xente tiña que estar formada. De feito, onde era Ramón creouse a «Sociedade Pro-escolas na Bandeira». Así foi como se xuntaron fondos para fundar moitas escolas.

Ramón formaba parte da comisión de cultura da «Federación de Sociedades Galegas» e alí escribiu os seus libros, eu tamén escribín un libro. E fixemos teatro e puxemos en escena tres obras: unha tradución de John Singe, *As bágoas do demo* de Ramón e *A camisa* de Luro Olmo.

A creación da Federación de Sociedades Galega fixo que moitos fillos de galegos adquiriran a identidade dos seus pais, e isto foi moi importante porque moitos galegos tiñan un grande complexo de inferioridade e trasmitíase dos pais aos fillos; por iso tiña moita importancia a formación cultural para coñecer as cousas desde puntos de vista moi diferentes.

A relación con Galicia era relativa porque aquí continuábase baixo a ditadura. Alá todo xiraba ao redor da figura de Castelao xa que, aínda que de diferente ideoloxía, todas estas asociacións estaban do lado da República malia que a Casa de Galicia era totalmente franquista. Nós atraemos cara á «Federación de Sociedades Culturales» a moita mocidade. Por exemplo, Neira Vilas, que é un escritor autodidacta, asitiu a clases alí.

A nosa estadía alí foi boa e a pesar de que non se reducía ás sociedades galegas si xiraba en volta delas. A nosa función primordial estaba coa comunidade galega.

A volta foi unha cousa, aínda que moi comentada desde había tempo, bastante casual. Os rapaces medraban e non queriamos que fixesen alí a vida e nos tivesemos que separar despois.

O noso fillo máis novo fora a Checoslovaquia estudar cunha bolsa e Ramón pediume que eu viñese por Galicia para estudar as posibilidades da volta, de paso que ía visitar o noso fillo. Así foi como en 1966 estiven en Galicia, e aos oito días de chegar houbo un altercado militar na Arxentina, dos varios que houbo, o de Onganía, e a cousa parecía moi fea. Entón telefonéi, e Ramón díxome que ía ser mellor que en vez de ir eu que viñese el. Era deixar amigos, familiares e traballo para comezar de novo. Entón pensei que en Galicia as cousas non estaban aínda ben para irmos vivir alí, e consideramos que sería máis fácil vivir baixo o franquismo nunha cidade grande coma Madrid, onde todo era máis disimulado e onde podiamos comezar desde o punto de vista económico. Ramón en dous meses vendeu a casa, no tempo que tardaron en pagarlle houbo unha forte devaluación e pagáronlle a metade do que tiña que ser. E así foi como comezamos aquí a nosa vida. Ramón comezou a dar clases nun co-

lexio, no que estaba moi mal pago, e eu comecei a dar clases de francés nunha daquelas academias que era de todo menos academia. O dono facíame dar clases de literatura e de outras cousas, polo que eu tiña que preparar de noite o que explicaba de día. Ramón alén das clases traballaba de distribuidor das fábricas de cristal de Checoslovaquia en España, cristal de bohemia, aínda que non lle gustaba nada. Así estiveimos ata que Ramón me dixó que me fixese cargo da distribuidora, xa que eu traballara de comercial na Arxentina coas cerámicas de Magdalena que agora é Sargadelos, que, daquela, era tamén Cerámicas do Castro, da fábrica que montara alí Isacc Díaz Pardo. O caso foi que nos asentamos aquí e aquí, en Madrid, eramos exiliados de Galicia, mais ao haber tantos galegos, moitos universitarios a cousa íase levando. Os domingos pola mañá reuníamonos no Centro da Unesco, onde tiñamos unha sala na que se daban conferencias de todo tipo, xa que era un grupo de xente de todas as idades, xente moi heteroxénea, había xornalistas, pintores, etc. en fin, toda xente que estabamos identificados coa causa galega. Isto uníanos moito e facía que non nos sentíssemos excesivamente exiliados. Alí fixemos amizades entrañabeis, e Galicia era o centro da nosa preocupación. A pesar de todos estes meus exilios, e de vivir moi poucos anos da miña vida en Galicia, e de estar afincada en Madrid onde están os meus fillos e netos —por iso sigo aquí evidentemente— sigo sendo galega. Teño a necesidade de ir de cando en vez e de estar ao corrente de todo canto acontece en Galicia e compartir todo o que o pasa arredor de Galicia. Neste momento estou estreitamente ligada a NUNCA MÁIS e ao espírito que todo iso representa, e estou anguriada por todo o drama que se está a sofrer e polo que se sufrirá. Loito contra todo iso, na medida da miñas fracas forzas.

E así foisenos a tarde nesta viaxe pola vida de Mariví Villaverde, nesta historia de augas avoltas e paixóns duradeiras como a viaxe desta grande muller pola súa memoria. Memoria presente dun pasado vivido con intensidade que ela moi amablemente lembrou para nós. Só nos resta dicir: «Beizóns Mariví».